



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo fin de Máster

Materia	Traballo fin de Máster			
Código	O05M007V01205			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Diaz Pereira, María del Pino			
Profesorado	Diaz Pereira, María del Pino			
Correo-e	pinod@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O Traballo fin de Máster é unha materia obrigatoria que pretende que o alumnado adquira a competencia básica de elaboración dun estudio que reflicta algunha das temáticas do máster, a través da elaboración de programas, a avaliación de posta en práctica de programas, ou a realización de estudos de caso			

Competencias de titulación

Código	Descrición
A2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as colaboracións innovadoras
A3	Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e reflexión sobre as prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, en especial de aquelas que posúen un alto grao de innovación
A4	Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que implicaren melloras de prácticas educativas, sendo capaz de difundilos con claridade a diversos tipos de audiencias
A6	Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc.
A10	Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado
B2	Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación
B3	Establecer contacto directo con experiencias innovadoras relacionadas coa diversidade, valorando o seu interese e as posibilidades de seren transferidas a outros contextos profesionais semellantes, así como de seren aplicables a situacións novas e emerxentes

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e reflexión sobre as prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, en especial de aquelas que posúan un alto grao de innovación	saber saber facer Saber estar / ser	A2 A3 B2
- Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe	saber facer	A4 A10 B3

- Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que impliquen melloras de prácticas educativas relacionadas coa diversidade	saber facer	A3 A4 A6
- Ser capaz de defender oralmente o traballo fin de máster con claridade e organización	saber facer	A10

Contidos

Tema	
Contidos relacionados con algún dos módulos do máster. O tema do TFM poderá estar relacionado con algún problema identificado no contexto institucional no que foi realizado o Practicum. Neste sentido, a utilidade do traballo será un criterio a considerar na avaliación do TFM.	O enfoque desde o que se aborda o problema pode ser diverso e ter diferentes obxectivos; por exemplo: <input type="checkbox"/> Avaliación dalgún aspecto profesional do Servizo ou Institución onde se realizaron as prácticas. <input type="checkbox"/> Deseño dun programa de intervención, suficientemente detallado como para poder ser aplicado. Deberá ter en conta a perspectiva da diversidade abordada no Máster. <input type="checkbox"/> Aplicación e avaliación dun programa de intervención. <input type="checkbox"/> Estudo de casos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	20	280	300

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	Elaboración e presentación por escrito e defensa oral dun traballo relacionado coas competencias e temáticas xenéricas do máster

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Valorarase na elaboración do TFM que se siga a estrutura recomendada para cada tipo de traballo (elaboración de programas, estudos de caso, perfil de usuarios ou avaliación de programas), así como os criterios de calidade que se lle entregarán ao alumnado. Ademais dos criterios mencionados, terase en conta a calidade da defensa oral do TFM.	100

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación do TFM realizarase en primeira instancia polo titor académico, que dará o seu visto e prace (APTO-NON APTO), para proceder á súa defensa pública oral ante un tribunal constituído por tres profesores/as do Máster. O tribunal emitirá unha puntuación entre 5-10 puntos. Os alumnos solicitarán na Secretaría do Máster a presentación e avaliación do TFG co visto e prace do seu respectivo titor académico. A solicitude de presentación, dirixida á Comisión Académica, deberá ir acompañada da versión escrita do TFG por cuadruplicado.

Teranse en conta os seguintes criterios de avaliación:

MEMORIA/INFORME DO TRABALLO FIN DE MÁSTER	· Relevancia/Interese profesional do tema abordado
	· Estrutura do traballo
	· Nivel de profundización na temática
	· Viabilidade da proposta
	· Discurso personalizado, orixinalidade e capacidade crítica
	· Aspectos formais (citas bibliográficas, táboas, figuras)

CALIDADE DA PRESENTACIÓN ORAL DO TRABALLO ANTE O TRIBUNAL	· Estructuración do discurso
	· Claridade expositiva e capacidade de comunicación
	· Uso adecuado de recursos audiovisuais para apoiar o discurso

Extensión do traballo entre 50-100 páxinas con letra tipo Times New Roman tamaño 12 a 1,5 espazos. Exposición do traballo ante un tribunal, nas datas que se sinalen a tal efecto.

A presentación do TFM conta con dúas convocatorias, a de xuño e a de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Recomendacións

Outros comentarios

NORMAS BÁSICAS DE PRESENTACIÓN

A presentación do TFM constitúe un aspecto dunha gran importancia para a comunicación do que se desexa expresar. Recoméndase:

- Extensión do documento: entre 50-100 páxinas
- Papel e tamaño: O traballo débese presentar en papel branco, liso e de tamaño A4
- Tipo de Letra: Letra tipo Garamond (corpo 14) ou Times New Roman (corpo 12), a cal pode reducir o seu tamaño nos anexos, ilustracións e táboas. Os títulos ou epígrafes deben ir no mesmo tamaño e em negriña.
- Espazos: Interliñado de 1,5. Pódese usar espazo simple nos seguintes casos: notas e citas textuais; referencias bibliográficas; índice de ilustracións e táboas; anexos. Utilizarase espazo dobre logo dos títulos ou seccións.
- Numeración: Utilizaranse dous tipos de numeración
 - Números romanos en minúsculas (i, ii, iii, etc.) para as páxinas preliminares, comezando pola páxina da portada, que non se numera pero se considera, e normalmente colocados no centro da marxe inferior de cada páxina sen ningún outro carácter adicional.
 - Números arábigos para o texto do traballo, comezando desde a introdución ou desde o primeiro capítulo se non hai introdución. Se se presenta en máis dun volume, a paxinación é consecutiva, colocando o número sen ningún outro carácter adicional.

As páxinas nas que aparecen cadros e gráficos tamén deben numerarse, e a súa disposición, vertical ou horizontal, non alterará a posición do número de páxina.
